



Segundo recolle o Protocolo de adaptación ao contexto COVID-19 publicado pola Consellería de Educación é moi importante evitar as aglomeracións nas entradas e saídas dos centros escolares. Isto vai a condicionar as entradas e saídas tanto ao longo do curso coma os primeiros días de clase.

Somos conscientes do trastorno que van causar estes cambios., pero son necesarios para que todo se desenvolva con normalidade. **O acceso ao centro será sempre pola porta fronte ao pavillón**, agás o alumnado transportado.

Os acompañantes do alumnado de Infantil (un por alumno/a) entrarán pola porta que está fronte ao pavillón. Farao despois de que entre todo o alumnado de Primaria no recinto e seguindo o horario establecido. Unha vez na entrada, o profesorado farase cargo do alumno/a e o acompañante deberá abandonar o recinto no menor tempo posible.

Os acompañantes do alumnado de Primaria non poderán acceder ao recinto (consultade as normas para pais/nais/titores publicados na web do centro)

É moi importante a puntualidade nas entradas pois non debe haber cruce de grupos. Se chegades antes, demorade polos arredores pero non cerca do centro. Así evitaremos aglomeracións. Evitaranse a formación de grupos mantendo en todo momento a distancia de seguridade.

Xoves 10 de setembro

O xoves 10 de setembro comezarán as clases os alumnos e alumnas de 4º e 5º de Infantil e o alumnado de 1º, 2º e 3º de Primaria.

A entrada terá as seguintes quendas:

CURSO	ENTRADA	SAÍDA	LUGAR
4º de Infantil	Período de adaptación. Quendas especiais xa indicadas ás familias.		Serán entregados e recollidos na porta de entrada ao centro por conserxaría. Saída pola porta fronte ao pavillón
5º de Infantil	09:30	13:30	
3º de Primaria	08:45	13:40	Saíran pola porta que está fronte ao pavillón.
2º de Primaria	09:00	13:35	
1º de Primaria	09:15	13:35	

Venres 11 de setembro

O venres 11 de setembro entrará o alumnado de 6º de Infantil, 4º, 5º e 6º de Primaria, distribuídos nas seguintes quendas:

CURSO	ENTRADA	SAÍDA	LUGAR
6º de Infantil	09:00	13:35	Unicamente para este día, o alumnado de 6º de Infantil co seu acompañante accederá ao recinto pola porta central. Abrirase para eles ese día.
5º de Infantil	08:50	13:30	Serán entregados e recollidos na porta de entrada ao centro por conserxaría. Saída pola porta fronte ao pavillón.
4º de Infantil	Quendas establecidas para o período de adaptación		
6º de Primaria	09:00	13:45	Entrada e saída pola porta que está fronte ao pavillón.
5º de Primaria	09:15	13:45	
4º de Primaria	09:30	13:40	
3º de Primaria	08:40	13:40	
2º de Primaria	08:45	13:35	
1 de Primaria	08:45	13:35	